## Marineda Atlético

*Ano de fundación: 1992*
*Número de fichas 2015/2016: 170*
*Nome do Presidente: Jose Antonio Bazán*
*Delegación: A Coruña*
*Correo electrónico* info@marinedaatletico.es



Continuando ca rolda de entrevistas ós distintos clubes galegos falamos hoxe con *José Antonio Bazán* presidente do **Marineda Atlético**.

O Marineda, xunto ó Coruña Comarca e Riazor Coruña, e un dos clubes máis representativos da cidade herculina que nos últimos tempos ben de experimentar un medre considerable no seu número de atletas. Pare elo ben de reforzar o seu organigrama ampliando esciarios e persoal técnico como nos contarían *"**O Marineda Atlético ten a estrutura do Club na parcela deportiva dividida na Escola, que coordina Elena González e que está formada por 80 nenos de entre 7 e 14 anos con 5 monitores: Javier Armesto, Hugo Chousa, Diego Crespo, Adrián Moreno e Madó González, así mesmo Vicente Veiga ademáis do seu grupo de atletas, dirixe o sector de valados, Elena González o de saltos e Mauro Naveiras o de lanzamentos.***

Dentro desta estructura sinalan a importancia de todas as categorías "***O Club tamén conta con atletas veteranos que participan con frecuencia en Campionatos de España tanto en pista, coma en ruta, e na que este ano volvemos contar con Ramón Serantes, atleta de recoñecido prestixio pola súa carreira deportiva"*** Loxicamente as xóvenes promesas centran unha atención importante dentro da entidade ***"…outros atletas destacados son Eugenia Gil medallista no Campionato de España Promesa esta tempada e Ivanna Román atleta que adestra con Necho Fernández e que consideramos é o futuro da xavalina a nivel nacional dada a súa mocidade"***





Facendo un repaso do que deu de si esta última tempada rematada recentemente, non o dubidan "***Valorámola moi positivamente xa que un dos obxectivos era consolidar a Escola do Marineda, asi como ter representación en todos os Campionatos Galegos de todas as categorías. Da mesma maneira marcámonos acudir ó Campionato de España con atletas xuveniles, juniors e promesas***"

Para o Marineda un dos aspectos claves de futuro será o de "***Formar ós nosos monitores para consolidar un proiecto a longo prazo***" na que ademáis se marcan ***"…seguir colaborando na organización de Campionatos ca Federación e de probas populares co Concello"***





Para rematar e lembrando as súas orixes fai case un cuarto de século, abogan por un futuro de crecemento ***"O proxecto do Marineda iniciado hai anos é de futuro en canto a ter unha base de atletas que nos permita medrar"*** para elo inciden na importancia da súa escola ***"…para eles contamos coa nosa Escola na que 6 monitores desenvolven semanalmente as sesións.*** Ademáis da súa escola loxicamente o rendemento e un eixo fundamental da súa política ***"…contamos con diferentes grupos de adestramento dirixidos por Vicente Veiga, Elena González e Mauro Naveiras, o obxectivo con estes atletas é o rendemento seguindo a evolución de atletas destacados como Eugenia Gil, Ivanna Román ou Javier Mañá"***



**Federación Galega de Atletismo.** Av. de Glasgow, 13 15008 A Coruña
Area de Prensa e Comunicación
61 98 47 195
Redesfga@gmail.com
http://www.atletismogalego.com
http://www.carreirasgalegas.com